



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 16 - XUÑO - 2006

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@mundo-r.com

Páxina web: www.ovica.org

LECHAZO DE CASTELA – LEÓN.

Xornada Técnica.

Na mañá do 26 de maio representantes de OVICA e COVIGA asistiron en Valladolid a unha xornada sobre "El Lechazo en Castilla-León, situación actual e perspectivas de futuro."



Na xornada ponentes de diversas entidades implicadas na produción, comercialización e promoción deste produto explicaron as dificultades e avances coas que se atopa esta Denominación de Orixe. Abriuse, tamén, o debate sobre o camiño que debe tomar a D.O. de cara o futuro.

ACTIVIDADES

Participación na Exposición de Razas Autóctonas de Castela - León.

OVICA participará, por cuarto ano consecutivo, na XIV edición da "Exposición de ganado Autóctono de Castilla y León". Esta exposición desenrolase do 27 ó 29 de xuño na cidade de Zamora.

OVICA asiste a esta exposición, como convidada, con exemplares das razas *latxa* e *ovella galega*.



Estos animais son cedidos, respectivamente, polos asociados Granxa Educativa Agrogandeira de Allariz e Luís Fdez. Fdez. (Orrea - Riotorto - Lugo).

NOVO VEHICULO.

OVICA adquiriu un vehículo para os servizos técnicos.

Co incremento de gastos de kilometraxe, derivado do número crecente de asociados, decidiuse en xunta directiva adquirir un vehículo para os servizos técnicos.

Ata o de agora utilizaban os seus propios vehículos.



Potro para podoloxía en gando ovino.

Dorindo García Barcia. Fontelos - Ferreiros (O Pino - A Coruña).

RAZAS:

Cabra de Angora ou Mohair.



Orixe: Ankara - Turquía.

Características: Dócil e fácil de manexar. Productora de pelo fino (mohair). É un animal pequeno, 40 kg as femias e 70 os machos. O pelo de angora tomou un importante valor comercial dende o 1900. Rápanse cada 6 meses. A fibra é un material resistente, bonito, durable e desexado.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA – VENTA

- Véndese rebaño de ovino-cabrún Comunidade de Montes de San Mamede de Carnota (bo prezo). 635 896 498.
- Véndense machos Berrinchón e Romanov – Portomarín – Lugo 982 15 78 16 / 676 030 978.
- Traspasase explotación de caprino 130 cabezas, terras e dereitos 616 86 02 97.
- Véndense 19 años de reposición e 1 macho Berrinchón (año) – A Estrada 656 985 949.

FORMACIÓN.

Xornada Técnica en Silleda.

Xoves día 15 de Xuño

- 10:00 Inauguración.
- 10:30 As ADGS de ovino e cabrún en Galicia.
Importancia dos programas sanitarios.
- 11:30 Experiencia práctica en ovino e caprino de leite.
- 12:30 Descanso.
- 13:00 A identificación individual en ovino e cabrún en Galicia: aspectos básicos e posta en práctica.
- 14:00 Clausura da Xornada.

Curso Ribadeo.

O centro de formación Agraria “Pedro Murias” organizará en colaboración con OVICA e por segundo ano consecutivo un curso especializado na produción de gando ovino e cabrún. Información no tfno. 982 13 10 17.

Curso de gandeiro ovino-cabrún en Allariz.

Neste ano 2006 OVICA e a Fundación Ramón González Ferreiro organizan un curso de 250 horas. Meses de Xullo e Agosto.

INFORMACIÓN TÉCNICA.

Miasis – O problema das moscas no verán.

A miasis é un termino que define as infestacións dos animais domésticos e salvaxes polas larvas das moscas de diferentes especies. As larvas aliméntanse de tecidos vivos ou mortos, según esto a infestación pode ser benigna tamén pode provocar alteracións leves ou severas no animal (incluso a morte).


Debido ó ciclo biolóxico das moscas estas parasitoses soen aparecer no verán.

As miasis “cutáneas” soen afectar a feridas, ou orificios naturais do animal (ano, vulva, prepucio). Existen outros tipos de miasis das denominadas “obligatorias” como a parasitose por oestrus (larvas nas cavidades nasais do animal).



En caso de producirse nunha ferida é recomendable tratar de retirar manualmente as larvas e o tecido morto cunha solución rebaixada de auga oxixenada. Unha vez desinfectada, con iodo, aplicaremos un spray secante para evitar a reinfestación da ferida. Logo empregaremos o insecticida ó redor da zona afectada.

Se o problema se sitúa nunha zona de mucosas (vulva, prepucio, ano), e non existen feridas, podemos empregar un insecticida dun xeito máis directo sobre as larvas ou ben unha ivermectina inxectable.



LOBO

Alegacións o Plan de Xestión do Lobo en Galicia.

Mediante un escrito, dirixido á Consellería de Medio Ambiente e D. S., OVICA fai unha serie de suxerencias ó respecto do plan de xestión do lobo en Galicia que foi presentado nunha xuntanza no pasado mes de abril.

Entre outras cousas solicítase:

- Que se manteñan as indemnizacións por ataques de fauna salvaxe sen facer distincións entre lobo e cans asilvestrados,
- Que se prioricen as axudas para métodos de prevención (mastíns, cercados, etc. ...).
- O control da densidade de lobo mediante batidas
- A presenza de organizacións agrarias nas comisións de avaliación de danos.
- Inversión na formación dos axentes forestais.

MONTES VECIÑAIS

Xornadas na Pobra de Brollón.

Técnicos de ovica impartirán, o domingo 25 ás 10:00 horas, unha charla sobre o gando como recurso primario dos montes veciñais.

XORNADAS SOBRE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN 24 e 25 de xuño, en Salcedo (Edificio Multiusos)- A Pobra do Brollón

<p>Sábado 24</p> <p>Mañá</p> <ul style="list-style-type: none"> 10:00 h. Apertura e presentación das Xornadas 10:30 h. O Anecdotario das Comunidades dos M.V.M.C. 11:30 h. Xestión 12:00 h. O Anecdotario das Comunidades dos M.V.M.C. 13:00 h. Xestión 14:00 h. Xestión 15:00 h. Xestión 16:00 h. Xestión 17:00 h. Xestión 18:00 h. Xestión <p>Tarde</p> <ul style="list-style-type: none"> 16:00 h. Xestión 17:00 h. Xestión 18:00 h. Xestión 	<p>Domingo 25</p> <p>Mañá</p> <ul style="list-style-type: none"> 10:00 h. Os recursos primarios dos M.V.M.C. 11:00 h. Xestión 12:00 h. Os recursos emerxentes dos M.V.M.C. 13:00 h. Xestión 14:00 h. Xestión 15:00 h. Xestión 16:00 h. Xestión 17:00 h. Xestión 18:00 h. Xestión <p>Tarde</p> <ul style="list-style-type: none"> 16:00 h. Xestión 17:00 h. Xestión 18:00 h. Xestión
---	--

ORGANIZA: XUNTA DE GALICIA, CONSILLERÍA DO MEDIO RURAL, XACANTO DE MONTES DE GALICIA, XACANTO DE MONTES DE SALCEDO, ORGANIZACIÓN DE M.V.M.C. DE SALCEDO PRAVIA, COLABORA: USC, ORGANIZACIÓN GALIÇA DE CARIÓTIPO DE M.V.M.C.